



### NACIONALISMO VASCO

**ANTECEDENTES:** Na Idade Media e no Antigo Réxime as provincias vascas e Navarra conservaron **privilexios forais** (sistema fiscal propio, institucións administrativas e xurisdicionais, aduanas internas que a separaban de outros territorios, prestacións militares so no seu territorio...).

#### **CARLISMO E FORALISMO**

Tema dos privilexios forais e por iso apoio dos vascos ao carlismo. O Convenio de Vergara (1839) tivo efectos diferentes:

- Nas provincias vascas: supresión dos seus foros por Espartero (1841), despois restablecidos parcialmente (1844). Cánovas suprimiunos definitivamente, ao ser derrotados os carlistas (1876); ante as protestas concedeu en 1878 a capacidade de distribuír as quintas ás Deputacións, asemade da recadación de rendas e impostos cos que se contribuía ás cargas do Estado (concerto económico co Goberno, vixente ata 1937)
- Navarra: pola **Lei paccionada\*** mantíña a súa autonomía fiscal e administrativa

Todo isto **provocou un sentimento de frustración nos sectores tradicionalistas que mantiveron viva a reivindicación da reintegración foral plena.**

- **Xurde un pensamento nacionalista fortemente independentista, encabezado por Sabino Arana (**Regulamento de Euskaldun Batzokija**). En 1882, o día da Patria Vasca (Aberri Eguna) declara que**

- España non é a súa patria
- Fai propostas nacionalistas

Fundou unha sociedade político-recreativa (Euskaldun Batzokija) co obxectivo de defender a independencia do País Vasco, estaba formada por todos os territorios vascos, e o seu goberno basearíase :

- Nun lema "Deus e leis antigas (foros)
- Cunha bandeira: a ikurriña,
- cunha lingua: o euskera
- e cun inimigo: os **maquetos\*** (os non vascos, que contribuían negativamente ao mantemento e desenvolvemento do vasquismo e representaban unha ameaza para as esencias vascas. Hai que ter en conta a chegada doutras provincias pola "chamada" da industrialización)
- Para Sabino Arana os elementos definatorios da nación vasca son:
  - A raza vasca
  - O integrismo católico
  - Os foros
  - O euskera
  - Os costumes e o folclore tradicional

#### **PARTIDO NACIONALISTA VASCO**

- Fundado por Sabino Arana en 1895. Presentouse ás eleccións a partir de 1898 e lograron as primeiras representacións.
- Tras a morte de Sabino Arana en 1903, Ángel Zabala completou a organización (Euskadi Buru Batzar) e precisou os estatutos (1906).
- No **Manifesto do Partido Nacionalista Vasco\* (1906)** expóñense os obxectivos
- En 1911 funda o sindicato Solidariedade de Traballadores Vascos coa finalidade de contrarrestar a influencia socialista e anarquista nos obreiros.
- Crece e aparecen dúas tendencias diferenciadas, con diferentes tácticas e estratexias:
  - Radicais independentistas
  - Autonomistas moderados e posibilistas
- En 1923 foron suprimidas as organizacións políticas e o PNV quedou relegado a actos culturais, folclóricos e deportivos.
- En 1930 as dúas tendencias uníronse do novo no PNV